

# TALLERES DE LECER

## CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 2 ao 20 de xullo de 2018

Chega o verán e con el os nosos talleres para o tempo de lecer. Nesta edición, o CGAC programa talleres destinados desde ao público máis cativo ata ao público adulto.

Abordaremos disciplinas como a escultura, a arquitectura, a acción e a videocreación en diversos talleres, dirixidos por profesionais de ámbitos como o teatro, as artes plásticas, a educación artística e a performance. Con eles e elas trataremos de coñecer, experimentar e crear cos múltiples soportes, linguaxes, técnicas e conceptos da arte máis actual.

Para desenvolver as actividades aproveitaremos espazos da arquitectura de Álvaro Siza e da contorna, como a cuberta do edificio, os xardíns do parque de Bonaval e as rúas de Compostela.

### **Verde é vídeo** **Taller audiovisual**

Dirixe: Alberto Vázquez e Carina Moreira (Asociación Espacio Rojo), educadores e artistas

Do 2 ao 4 de xullo

Horario: de 11:00 a 13:30 h

Idade: de 10 a 12 anos

Prazas: 15

“A mellor parte da beleza é a que un retrato non pode explicar”, Francis Bacon.

*Verde é vídeo* pretende achegarlles aos nenos e ás nenas que participen no taller un coñecemento básico da creación audiovisual e do concepto de (autor)retrato. Neste taller en proceso abordaremos estes temas a partir do corpo como paisaxe e metáfora, como creación do eu e do outro. Traballaremos desde a natureza propia do vídeo a noción do tempo e a súa manipulación, a representación da realidade e a ilusión óptica.

### **Atención equilibrio!** **Taller de escultura**

Dirixe: Mirari Urruzola, artista e educadora

5 e 6 de xullo

Horario: de 11:00 a 12:30 h

Idade: de 4 a 6 anos

Prazas: 15

Partiremos da obra de artistas do noso tempo, como Antony Gormley e Lygia Clark, para achegarnos á plástica tridimensional desde diferentes ópticas e traballarmos conceptos básicos, como o volume e o equilibrio.

O uso do noso propio corpo serviranos de ensaio e de bosquejo para modelarmos despois a materia. Estudaremos a figura humana de xeito individual e cando forma grupos e multitudes. Prestarémolles atención ás diferentes partes do corpo e aos pensamentos, a identidade, os desexos... Para traballarmos a ensamblaxe empregaremos diferentes caixas de mistos, convertidas en módulos para a construción de pezas con volume, ocos, cores e formas diversas.

## INSCRICIÓN

Todos os talleres son de balde.

As solicitudes de inscrición poderán presentarse a partir do 6 de xuño a través do enderezo electrónico [cgac.pedagogia@xunta.gal](mailto:cgac.pedagogia@xunta.gal) e deberán conter os seguintes datos: nome completo e idade da persoa ou persoas participantes, número de teléfono, enderezo de correo electrónico e título do taller no que desexan inscribirse. Só se admitirán as solicitudes que estean debidamente cumprimentadas.

Para participar nos talleres é imprescindible ter a idade sinalada. Poderase inscribir un máximo de dous participantes por solicitude. O CGAC confirmará mediante un correo electrónico a recepción e o estado das inscricións.

Coordinación: Gema Baños, Virginia Villar

## ***Polas nubes***

### **Taller urbanístico**

Dirixe: Lara Torres, educadora e artista

Do 10 ao 13 de xullo

Horarios: de 11:00 a 13:00 h

Idade: de 7 a 9 anos

Prazas: 15

Neste taller partiremos de *En construcción*, unha mostra do CGAC na que se reflexiona sobre a arte e a arquitectura ao longo do século XX. Veremos e conversaremos sobre as obras de trece artistas que crean arredor da nosa relación co espazo, a paisaxe e a casa.

Quen participe nesta actividade poderán construír un mundo ao seu antollo. Unha cidade nun medio estraño, sen alicerces, sen referentes, sen pasado. Un barrio no que vivir e convivir. Serán casas e lugares colgantes; un mundo no aire, unha fantasía no ceo.

## ***Facer dúas veces***

### **Taller de acción**

Dirixe: Fermín Jiménez Landa, artista

Do 16 ao 20 de xullo

De luns a venres de 10:00 a 14:30 h

Mércores e xoves de 10:00 a 14:30 h e de 16:00 a 19:30 h

Para artistas, estudantes de BBAA, estudantes ou profesionais das artes escénicas, antropoloxía, socioloxía ou calquera persoa interesada na temática proposta.

Prazas: 15

Un taller no que as persoas participantes terán a oportunidade de repetir obras míticas de acción da Historia da arte contemporánea polas rúas de Compostela. Poremos en práctica a bricolaxe artística colectiva. Darémoslles unha segunda vida a diversas accións que xiran arredor de reflexións sobre a vida cotiá, dos ritos, do temporal, do procesual, do ausente, do presente, das convencións e dos límites no espazo público ou da convivencia nas cidades.

**CGAC** | 25 ANIVERSARIO  
CENTRO GALEGO  
DE ARTE  
CONTEMPORÁNEA

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602/631

cgac.pedagogia@xunta.gal

www.cgac.xunta.gal



XUNTA  
DE GALICIA

galicia